

Curso 2019/2020

Centro Autorizado Profesional de Música
“Cantiga”
Sarria (Lugo)

Adaptación Programación Didáctica
Linguaxe Musical
Data: 12 Maio 2020

Profesora:

Berta Delia Urbay González-

Mugica

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

MATERIA: LINGUAXE MUSICAL

Marco normativo

Orde EFP/365/2020 publicada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, e Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

PRIMEIRO CURSO

1-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Criterios de avaliación

1. Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión: comprobar o grao de memoria e a capacidade para reproducir con fidelidade o recibido tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
2. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico: percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica.

3. Manter o pulso durante períodos breves de silencio: lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha boa execución individual.

4. Aplicar un texto a un ritmo sinxelo ou viceversa: avaliar a capacidade do alumno para asociar ritmos con palabras ou frases de igual acentuación.

5. Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento: comprobar a capacidade do alumno/a para aplicar as súas técnicas de entoación e justeza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura.

6. Coñecer os aspectos da teoría musical, como: Pentagrama, clave de Sol en segunda liña e clave de Fa en cuarta liña, compás (tempo, pulso, acento), figuras, notas, liñas divisorias, dobre barra, liñas adicionais, ligadura (de unión e de expresión), puntillo. Termos de dinámica: ff, f, mf, mp, p, pp. Termos que modifican a intensidade: Crescendo (cresc) e decrescendo (decrec). Intervalos clasificación en: número, ascendente/descendente, conxunto/disxunto, melódico/harmónico, simple /composto.

Mínimos esixibles.

RITMO: Percepción, identificación e interiorización do pulso e do acento. Compases: 2/4 e 3/4. Automatización do xesto de ambos os compases. Figuras e fórmulas rítmicas: e os silencios de redonda, branca e negra.

ENTOACIÓN Coñecemento dá propia voz e do seu coidado. Reprodución, de leccións de solfexo. Recoñecemento do pulso e do acento dunha obra.

LECTURA E ESCRITURA: Claves de Sol en segunda liña. Clave de FA en cuarta liña (só escritura).

COÑECEMENTOS TEÓRICOS: Conciencia dos elementos practicados e/ou utilizados: Pentagrama, clave de Sol en segunda liña e clave de Fa en cuarta liña, compás (tempo, pulso, acento), figuras, notas, liñas divisorias, dobre barra, liñas adicionais, ligaduras (de unión e de expresión), puntillo. Termos de dinámica: ff, f, mf, mp, p, pp. Termos que modifican a intensidade: Crescendo (cresc) e decrescendo

(decresc). Intervalos clasificación en: número, ascendente/descendente, conxunto/disxunto, melódico/harmónico, simple /composto.

SEGUNDO CURSO

1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Criterios de avaliación

1. Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión: comprobar o grao de memoria e a capacidade para reproducir con fidelidade o recibido tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
2. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico: percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica.
3. Manter o pulso durante períodos breves de silencio: lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha boa execución individual ou colectiva.
4. Executar instrumental, vocalmente ou ben en forma percutida, estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento: preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas adecuadas a este nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido
5. Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento: comprobar a capacidade do alumno para aplicar as súas técnicas de entoación e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura.
6. Coñecer os aspectos da teoría musical, como: Pentagrama, clave de SOL en segunda liña e a clave de FA en cuarta liña; compases simples e compostos; compás de 6/8; as Alteracións (b, #, e becado); as alteracións propias e accidentais; o Tresillo, modalidade Maior e menor; Tonalidade – Acordes de I^o, IV^o e V^o; repaso da síncope e as notas a contratempo; os signos de repetición; o tempo e o movemento; os compases de 9/8 e 12/8; o dosillo; termos que modifican o movemento.

Mínimos esixibles

RITMO: Percepción, identificación e interiorización do pulso e do acento. Compases: 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8. Automatización do xesto de ambos os compases. Figuras e fórmulas rítmicas: e os silencios de redonda, branca e negra. Anacruse de negra.

ENTOACIÓN Coñecemento dá propia voz e do seu coidado. Reprodución, de leccións de solfexo. Recoñecemento do pulso e do acento dunha obra.

LECTURA E ESCRITURA : Claves de Sol en segunda liña e clave de fa en cuarta liña.

COÑECEMENTOS TEÓRICOS: Conciencia dos elementos practicados e/ou utilizados: Pentagrama, clave de SOL en segunda liña e a clave de FA en cuarto liña; compases simples e compostos; compás de 6/8; as Alteracións (b, #, e becado); as alteracións propias e accidentais; o Tresillo, modalidade Maior e menor; Tonalidade – Acordes de Iº, IVº e Vº; repaso da síncope e as notas a contratempo; os signos de repetición; o tempo e o movemento; os compases de 9/8 e 12/8; o dosillo; termos que modifican o movemento.

TERCEIRO CURSO

1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Criterios de avaliación

1. Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión: comprobar o grao de memoria e a capacidade para reproducir con fidelidade o recibido tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
2. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico: percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica.
3. Manter o pulso durante períodos breves de silencio: lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha boa execución individual ou colectiva.
4. Executar instrumental, vocalmente ou ben en forma percutida, estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento: preténdese constatar a capacidade de encadear diversas

fórmulas rítmicas adecuadas a este nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido

5. Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento: comprobar a capacidade do alumno para aplicar as súas técnicas de entoación e justeza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura.

6. Coñecer os aspectos da teoría musical, como: semitón diatónico e cromático, intervalos (especies: xustos, maiores, menores, aumentados e diminuídos e número); claves: SOL, FA e Do; o Tempo e movemento; articulación e acentuación; o cuatrillo, o seisillo; inversión de intervalos.

Mínimos esixibles.

RITMO: Percepción, identificación e interiorización do pulso e do acento. Compases: 2/4 e 3/4, 4/4 e 6/8. Automatización do xesto de ambos os compases. Figuras e fórmulas rítmicas: e os silencios de redonda, branca, negra e corchea. Anacruse de negra.

ENTOACIÓN Coñecemento dá propia voz e do seu coidado. Reprodución, de leccións de solfexo. Recoñecemento do pulso e do acento dunha obra.

LECTURA E ESCRITURA : Claves de Sol en segunda liña e clave de fa en cuarta liña.

COÑECEMENTOS TEÓRICOS: semitón diatónico e cromático, intervalos (especies: xustos, maiores, menores, aumentados e diminuídos e número); claves: SOL, FA e Do; o Tempo e movemento; articulación e acentuación; o cuatrillo, o seisillo; inversión de intervalos.

CUARTO CURSO

1-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Crterios de avaliación

1. Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión: comprobar o grao de memoria e a capacidade para reproducir con fidelidade o recibido tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
2. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico: percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica.
3. Manter o pulso durante períodos breves de silencio: lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha boa execución individual ou colectiva.
4. Executar instrumental, vocalmente ou ben en forma percutida, estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento: preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas adecuadas a este nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido
5. Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento: comprobar a capacidade do alumno para aplicar as súas técnicas de entoación e justeza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura.
6. Coñecer os aspectos da teoría musical, como: Escalas menores: natural, harmónica, melódica e dórica; Equivalencias; abreviacións; Subdivisión (binaria e ternaria); Escalas maiores: 1º tipo, 2º tipo, 3º tipo e 4º tipo; Dobre puntillo, triple puntillo; Grupos de valoración especial; Intervalos, Tonalidades, enarmonía.

Mínimos esixibles.

RITMO: Percepción, identificación e interiorización do pulso e do acento. Compases: 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 3/8, 5/8, 7/8. Automatización do xesto de ambos os compases. Figuras e fórmulas rítmicas: e os silencios de redonda, branca, negra e corchea. Anacruse de negra e de corchea.

ENTOACIÓN Coñecemento dá propia voz e do seu coidado. Reprodución, de leccións de solfexo. Recoñecemento do pulso e do acento dunha obra.

LECTURA E ESCRITURA : Claves de Sol en segunda liña e clave de fa en cuarta liña.

COÑECEMENTOS TEÓRICOS: Conciencia dos elementos practicados e/ou utilizados: Escalas menores: natural, harmónica, melódica e dórica; Equivalencias; abreviacións; Subdivisión (binaria e ternaria); Escalas maiores: 1º tipo, 2º tipo, 3º tipo e 4º tipo; Dobre puntillo, triple puntillo; Grupos de valoración especial; Intervalos, Tonalidades.

2-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN GRAO ELEMENTAL

Procedementos e ferramentas de avaliación:

Procedementos: Terase en conta as probas realizado durante a 1ª e 2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (videoconferencias, etc) traballos de repaso, recuperación e reforzo a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

Para este fin utilizaranse segundo as necesidades individuais do alumnado as seguintes **ferramentas:**

- **Probas escritas:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (Skype ou correo electrónico) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).
- **Caderno de seguimento do alumnado .** Cadernos de clase, libretas de exercicios e apuntes.
- **Probas orais:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación e poderanse realizar por vía telemática (videoconferencia) para o reforzo/ampliación/recuperación, a partir da declaración do estado de alarma, pero nunca minorando as cualificacións.

- **Observación sistemática:** utilizarase este procedemento para valorar as actividades de repaso/refuerzo/ampliación/recuperación por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.
- **Técnicas audiovisuais:** enviarase por parte do alumnado material audiovisual (gravacións en audio/video ou soporte informático) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).
- **Traballos de investigación e desenvolvemento** . Os exercicios propostos serán enviados a través de Skype ou correo electrónico a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.
- **Informes:** a partir da declaración do estado de alarma, o alumno/a recibirá periodicamente informes personalizados por calquera das vías telemáticas utilizadas polo centro, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación **outorgada**.

Cualificación final

- Será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os atrasos que se puidesen producir así coma planificar medidas de recuperación de cara ao curso 2020/21
- Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación das aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre e que se detallan no apartado 3.
- As actividades de ampliación das aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre servirán unicamente para favorecer ao alumnado.
- Considerarase positivo:
 - Realizar as actividades propostas.
 - Entregar as tarefas en prazo

Poderase incrementar en **1'5** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Recuperación da 1ª e 2ª avaliación

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases telemáticas, traballos ou probas que se realizarán de xeito telemática, (e que se axuntarán á materia desenvolvida durante a 1ª e 2ª avaliación) e que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno/a sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

Ademais das clases telemáticas poderanse propoñer as seguintes probas (que se realizarán de xeito telemático) e que se axuntarán á materia desenvolvida durante a 1ª e 2ª avaliación:

- **Proba escrita** baseada nos bloques de contidos estudados (40 % da nota)
- **Proba oral:** lectura de ritmo e entoación (40 % da nota)
- **Actitude** de superación e capacidade de mellora (20%)

Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva de 5 ou superior na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá na realización dunha serie de exercicios prácticos e teóricos e estará baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación:

Os criterios de cualificación que se aplicarán son:

- **Proba escrita** baseada nos bloques de contidos estudados (35% da nota)
- **Proba oral:** lectura de ritmo e entoación (35% da nota)
- **Proba de ditado rítmico-melódico** (20 % da nota)
- **Actitude** de superación e capacidade de mellora (10%)

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

Avaliación de materias pendentes

Cualificarase ao alumnado en base ao referido na modificación da programación do curso anterior.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos

Aqueles alumnos que teñan pendente a asignatura poderán asistir ás clases e aplicaráselles os procedementos de avaliación correspondentes a dito curso.

Tamén poderán realizar unha proba que consistirá na realización dunha serie de exercicios teórico- prácticos e estará baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na programación:

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- **Proba escrita** baseada nos bloques de contidos estudados (40 % da nota)
- **Proba oral:** lectura de ritmo e entoación (40 % da nota)

- **Actitude** de superación e capacidade de mellora (20%)

3- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e ampliación).

Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º e 2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos/as poidan continuar o seu proceso formativo.

Deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares que os alumnos/as realizarán de xeito telemático.

Entre as propostas de actividades:

- Lectura de leccións de solfexo (rítmicas e melódicas).
- Elaboración de resumos, esquemas e cadros, da materia estudada no 1º e 2º trimestre.
- Resolución de exercicios e actividades teóricas e prácticas propostos polo profesor da materia estudado no 1º e 2º trimestre.
- Elaboración de fichas dos bloques de teoría da música do libro de texto.

Materiais e recursos

Profesorado:

- Libros de teoría da Música 4º de Grao Elemental de Música - Ibáñez Cursá.
- Libro de Linguaxe Musical 4º de Grao Elemental de Música – Ana María Navarrete Porta e Manuel Moreno Buendía
- vídeo chamada por whatsapp (teléfono móbil)
- Ordenador, escáner, impresora
- Conexión a internet

- Skype, Webex, Zoom, correo electrónico.

Alumnado:

- Novos cadernos de Teoría da Música de 4º de Grao Elemental - Ibáñez Cursá.
- Lenguaxe Musical 4º de Grao Elemental de Música – Ana María Navarrete Porta, Manuel Moreno Buendia
- Dispositivo para conexión a internet
- Skype e/ou Webex, Zoom, correo electrónico, Whatsapp
- Traballos enviados polo profesor/a

4- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias

As principais vías de comunicación co alumnado e familias son:

- ✓ Email
- ✓ Chamadas, vídeo chamadas
- ✓ Whatsapp
- ✓ Plataforma Skype, Zoom

Farase un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Publicidade

O Centro informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email, mensaxe ou chamada telefónica.

Así mesmo, a presente programación didáctica, publicarase na páxina web do Centro co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

PRIMEIRO GRAO PROFESIONAL

Criterios de avaliación.

- Manter o pulso durante períodos de silencio prolongados. Este criterio ten por obxectivo avaliar unha correcta interiorización do pulso que permita unha execución correcta ben individual ou en conxunto.
- Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para encadear diversas fórmulas rítmicas, a aplicación correcta, no seu caso, de calquera equivalencia se produce cambio de compás e a interiorización aproximada de diversas velocidades metronómicas.
- Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle todas as indicacións de carácter expresivo. Este criterio de avaliación ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e a xusteza de afinación a un fragmento melódico tonal con alteracións accidental que poden ou non provocar unha modulación, facéndose consciente das características tonais ou modais do fragmento. Se é acompañado instrumentalmente, este acompañamento non debe reproducir a melodía.
- Ler internamente, nun tempo breve e sen verificar o seu entoación, un texto musical e reproducilo de memoria. Trátase de comprobar a capacidade do alumnado para imaxinar, reproducir e memorizar imaxes sonoras de carácter melódico a partir da observación da partitura.
- Identificar ou entoar todo tipo de intervalo melódico. Este criterio de avaliación permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado como elemento de aplicación a estruturas tonais ou non tonais.
- Entoar unha obra atonal con ou sen acompañamento, aplicando as indicacións de carácter expresivo. Trátase de avaliar a aplicación artística a unha obra atonal dos coñecementos melódicos e rítmicos adquiridos. O acompañamento, no seu caso, non reproducirá a melodía.
- Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto.

- Búscase coñecer a capacidade do alumnado para a percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións interválicas, así como a identificación das rexións sonoras en que se producen.
- Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordais en diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un feito melódico a partir de diferentes sons, facéndose consciente das alteracións necesarias para a súa exacta reprodución.
- Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada. Este criterio pretende comprobar o entendemento por parte do alumnado dos conceptos tonais básicos ao facer uso libre dos elementos dunha tonalidade con lóxica tonal e estrutural.
- Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados. Con este criterio se avalía a destreza do alumnado para a utilización correcta da grafía musical e a súa capacidade de relacionar o feito musical coa súa representación gráfica.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicais a dúas voces. Preténdese comprobar a percepción e identificación por parte do alumnado de aspectos musicais polifónicos.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicais realizados por dous instrumentos diferentes, excluindo o piano. Con este criterio preténdese comprobar que a capacidade auditiva do alumnado non sofre distorsión cando recibe a mensaxe a través dun vehículo sonoro diferente ao piano.
- Recoñecer auditivamente aspectos cadencias e formais dun fragmento musical. Por medio deste criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para percibir aspectos sintácticos e estruturais da obra escoitada e denominalos correctamente.
- Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais.
- Preténdese constatar a familiarización do alumnado cos timbres provenientes doutros instrumentos diferentes do que constitúe a súa especialidade.
- Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento. Trátase neste caso de comprobar a capacidade de observación do alumnado de aspectos directamente relacionados coa interpretación e expresión musicais.

- Improvisar vocal ou instrumentalmente sobre un esquema arménico dado. Este criterio de avaliación vai ordenado a comprobar, dentro do nivel adecuado, a comprensión por parte do alumnado da relación entre harmonía e voces melódicas.
- Entoar fragmentos memorizados de obras de repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado. Este criterio trata de avaliar o coñecemento das obras de repertorio e a capacidade de memorización.
- Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado. Búscase aquí avaliar a capacidade de iniciativa implicando, ademais, o recoñecemento rápido de aspectos rítmicos e expresivos da obra en cuestión.
- Aplicar baixos harmónicos sinxelos, vocal ou graficamente, a unha obra breve previamente escoitada. Este criterio pretende buscar a asociación melodía-harmonía imaxinando esta desde a melodía escoitada.
- Situar coa maior aproximación posible a época, o estilo e, no seu caso, o autor ou a autora dunha obra escoitada. Trátase dunha proposta para fomentar a curiosidade e a atención do alumnado ao escoitar música, facéndose consciente dos caracteres xerais que identifican estilos e autores.
- Analizar unha obra da súa repertorio instrumental, como situación histórica, autor e características musicais da mesma: Harmónicas, formais, tímbricas, etc. Intenta este criterio potenciar os hábitos do estudo intelixente e rigoroso, facéndose consciente das circunstancias técnicas e sociais que rodean á obra artística.

Mínimos esixibles.

Ritmo:

O contido dos niveis anteriores máis:

- Compases: todos os anteriores máis 5/8, 7/8, 8/8, compases de denominador 16 ou de proporción menor, 9/8 cunha distribución interna distinta da tradicional
- Grupos de valoración especial: tresillos, dosillos irregulares e cinquillos
- Figuracións rítmicas variadas
- Compases simples e compostos
- Notas de Adorno

Entoación:

- Todas as escalas tonais, máis a pentáfona, exáfona e cromática
- Entoación interválica (todos os intervalos)
- Agóxica, dinámica e carácter

Dictado melódico-rítmicos:

Os contidos de cursos anteriores máis:

- Dictado a dúas voces: voz de baixo grados tonais.
- Melódico: escalas estudadas no apartado de entoación con dificultade rítmicas do curso anterior

Teoría:

Os contidos de cursos anteriores máis:

- Lectura de todas as claves
- Coñecemento e aplicación do transporte
- Intervalos: redución e aplicación, intervalos enharmónicos
- Nocións de harmonía: acordes, cadencias
- Modos Gregos
- Modos Eclesiásticos
- Tonalidade e modalidade: evolución histórica
- Notas de adorno dos distintos estilos
- As formas musicais
- A notación musical tradicional

Audición:

- Audición e análise de cancións: métrica, melodía (ámbito), motivos, frases, formas
- Melodía: escalas estudadas no apartado de entoación, con dificultades rítmicas.
- Recoñecimiento do ritmos
- Audición de pezas musicais, recoñecendo formas musicais

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderse incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

SEGUNDO GRAO PROFESIONAL

Criterios de avaliación.

- Manter o pulso durante períodos de silencio prolongados. Este criterio ten por obxectivo avaliar unha correcta interiorización do pulso que permita unha execución correcta ben individual ou en conxunto.
- Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para encadear diversas fórmulas rítmicas, a aplicación correcta, no seu caso, de calquera equivalencia se produce cambio de compás e a interiorización aproximada de diversas velocidades metronómicas.
- Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle todas as indicacións de carácter expresivo. Este criterio de avaliación ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e a xusteza de afinación a un fragmento melódico tonal con alteracións accidentar que poden ou non provocar unha modulación, facéndose consciente das características tonais ou modais do fragmento. Se é acompañado instrumentalmente, este acompañamento non debe reproducir a melodía.
- Ler internamente, nun tempo breve e sen verificar o seu entoación, un texto musical e reproducilo de memoria. Trátase de comprobar a capacidade do alumnado para imaxinar, reproducir e memorizar imaxes sonoras de carácter melódico a partir da observación da partitura.
- Identificar ou entoar todo tipo de intervalo melódico. Este criterio de avaliación permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado como elemento de aplicación a estruturas tonais ou non tonais.
- Entoar unha obra atonal con ou sen acompañamento, aplicando as indicacións de carácter expresivo. Trátase de avaliar a aplicación artística a

unha obra atonal dos coñecementos melódicos e rítmicos adquiridos. O acompañamento, no seu caso, non reproducirá a melodía.

- Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto.
- Búscase coñecer a capacidade do alumnado para a percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións interválicas, así como a identificación das rexións sonoras en que se producen.
- Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordais en diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un feito melódico a partir de diferentes sons, facéndose consciente das alteracións necesarias para a súa exacta reprodución.
- Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada. Este criterio pretende comprobar o entendemento por parte do alumnado dos conceptos tonais básicos ao facer uso libre dos elementos dunha tonalidade con lóxica tonal e estrutural.
- Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados. Con este criterio se avalía a destreza do alumnado para a utilización correcta da grafía musical e a súa capacidade de relacionar o feito musical coa súa representación gráfica.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicais a dúas voces. Preténdese comprobar a percepción e identificación por parte do alumnado de aspectos musicais polifónicos.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicais realizados por dous instrumentos diferentes, excluindo o piano. Con este criterio preténdese comprobar que a capacidade auditiva do alumnado non sofre distorsión cando recibe a mensaxe a través dun vehículo sonoro diferente ao piano.
- Recoñecer auditivamente aspectos cadencias e formais dun fragmento musical. Por medio deste criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para percibir aspectos sintácticos e estruturais da obra escoitada e denominalos correctamente.
- Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais.
- Preténdese constatar a familiarización do alumnado cos timbres provenientes doutros instrumentos diferentes do que constitúe a súa especialidade.

- Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento. Trátase neste caso de comprobar a capacidade de observación do alumnado de aspectos directamente relacionados coa interpretación e expresión musicais.
- Improvisar vocal ou instrumentalmente sobre un esquema arménico dado. Este criterio de avaliación vai ordenado a comprobar, dentro do nivel adecuado, a comprensión por parte do alumnado da relación entre harmonía e voces melódicas.
- Entoar fragmentos memorizados de obras de repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado. Este criterio trata de avaliar o coñecemento das obras de repertorio e a capacidade de memorización.
- Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado. Búscase aquí avaliar a capacidade de iniciativa implicando, ademais, o recoñecemento rápido de aspectos rítmicos e expresivos da obra en cuestión.
- Aplicar baixos harmónicos sinxelos, vocal ou graficamente, a unha obra breve previamente escoitada. Este criterio pretende buscar a asociación melodía-harmonía imaxinando esta desde a melodía escoitada.
- Situar coa maior aproximación posible a época, o estilo e, no seu caso, o autor ou a autora dunha obra escoitada. Trátase dunha proposta para fomentar a curiosidade e a atención do alumnado ao escoitar música, facéndose consciente dos caracteres xerais que identifican estilos e autores.
- Analizar unha obra da súa repertorio instrumental, como situación histórica, autor e características musicais da mesma: Harmónicas, formais, tímbricas, etc. Intenta este criterio potenciar os hábitos do estudo intelixente e rigoroso, facéndose consciente das circunstancias técnicas e sociais que rodean á obra artística.

Mínimos esixibles.

Ritmo:

O contido dos niveis anteriores máis:

- Compases: todos os anteriores máis compases de partes engadidas e diminuídas; compases de denominador I.
- Todos os grupos de valoración especial e con calqueira forma de tratamento
- Articulación en contra da acentuación normal do compás.

- Articulación en contra da acentuación normal do compás.
- Todas as formulacións rítmicas.
- Entoación:
- Todas as escalas tonais, máis a pentáfona, exáfona e cromática
- Todos os modos: Xónico, Dórico, Frixio, Lidio, Mixolidio, Eólico, Lócrio.
- Politonalidade.
- Atonalidade.
- Entoación interválica (todos os intervalos)

Dictado melódico-rítmicos:

Os contidos de cursos anteriores máis:

- Dictado a dúas voces: voz do baixo grados tonais e contrapuntísticos
- Melódico: escalas estudadas no apartado de entoación con dificultade rítmicas do curso anterior

Teoría:

Os contidos de cursos anteriores máis:

- Coñecemento e aplicación do transporte
- Intervalos: redución e aplicación, intervalos enharmónicos
- Nocións de harmonía: acordes, cadencias
- Modos Gregos
- Modos Eclesiásticos
- Tonalidade e modalidade
- Agrupacións orquestrais.
- Notas de adorno dos distintos estilos
- A notación musical: novas grafías
- Acústica.
- As formas musicais

Audición:

- Audición e análise de cancións: métrica, melodía (ámbito), motivos, frases, formas
- Melodía: escalas estudadas no apartado de entoación, con dificultades rítmicas.
- Recoñecimiento do ritmos
- Audición de pezas musicais, recoñecendo formas musicais

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderse incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

2. Avaliación e cualificación

2.1. Procedementos e ferramentas de avaliación. Terase en conta o traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación e realizarase por vía telemática (os medios utilizados poden consultarse no apartado da metodoloxía) traballo de repaso, recuperación e reforzo a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

Para este fin utilizaranse segundo as necesidades individuais do alumnado as seguintes ferramentas:

- Probas escritas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)
- Probas orais: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións)
- Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/vídeo) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).
- Traballos de desenvolvemento: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

2.2. Cualificación final.

Tendo en conta la materia, o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter continuo da materia e poderá incrementarse en “1,5” puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será no mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunhas probas escritas e orais baseadas nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Teoría e exercicios 50%
- Lectura e entoación de notas, ditado melódico e rítmico 50%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación.

Cualificarase ao alumnado en base ao referido na modificación da programación do curso anterior.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles

aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos. Aqueles alumnos que teñan pendente a asignatura poderán asistir ás clases e aplicaráselles os procedementos de avaliación correspondentes a dito curso. Tamén poderán realizar unha proba que consistirá na realización dunha serie de exercicios teórico- prácticos e estará baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na programación:

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- **Proba escrita** baseada nos bloques de contidos estudados (40 % da nota)
- **Proba oral:** lectura de ritmo e entoación (40 % da nota)
- **Actitude** de superación e capacidade de mellora (20%)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

3.1. Actividades.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporáselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Levaranse a cabo as seguintes actividades tal como:

- Exercicios de respiración, relaxación e afinación
- Práctica vocal dos movementos melódicos interválicos.
- Práctica vocal dos movementos melódicos tonais.
- Interpretación vocal de obras didácticas adecuadas ao nivel “a capella”.
- Práctica con palmas para mellorar a percepción, identificación e interiorización do pulso.
- Práctica con palmas para mellorar a percepción e identificación do acento.
- Práctica con palmas de fórmulas rítmicas básicas.

- Práctica e interiorización do silencio.
- Lectura de ritmo e dictado rítmico para o recoñecemento de unidades métricas binarias, ternarias e cuaternarias.
- Exercicios de identificación e práctica de signos musicais que modifican a duración.
- Exercicios de identificación e práctica de Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario e ternario.
- Exercicios de identificación e práctica de grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario e viseversa.
- Exercicios de equivalencias que impliquen pulso=pulso e fracción=fracción.
- Práctica da lectura e entoación de notas horizontalmente e verticalmente en clave de sol en segunda e fa en cuarta.
- Exercicios de identificación e utilización das claves necesarias para a práctica instrumental
- Práctica da lectura para sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agónica e da dinámica na música.
- Audición e reprodución escrita de dictados melódicos e rítmicos.
- Exercicios de práctica e identificación auditiva para sensibilización do feito tonal e modal.

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).

A metodoloxía activa é na que se centrará fundamentalmente o desenvolvemento do traballo educativo e que se desenvolverá a través do método global partindo dos elementos musicais globalmente para chegar posteriormente á especialización.

A obsesión por lograr coñecementos musicais pode entorpecer y dificultar la expresividade o gusto pola música. Por lo tanto todas as actividades que propoñemos ós alumnos deben realizarse a través dunha expresividade e percepción eminentemente activa e sensorial, antes de implicar una acción mental de análise ou razoamento (sentir antes de aprender).

A finalidade esencial da Linguaxe Musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotrices, auditivas e expresivas de modo que o código musical poida converterse en instrumento útil e eficaz de comunicación.

Desenvolvendo para elo as destrezas necesarias para a produción e percepción da mensaxe.

A metodoloxía será 100% online. Co fin de conseguir un ambiente flexible, dinámico, participativo e enriquecedor, o curso celebrarase nunha plataforma online (Skype), a través da cal o alumno poderá contactar cos profesores en todo momento, así como con resto dos alumnos.

Toda a documentación de cada clase estará dispoñible nesta plataforma para que o alumno poida descargala e estudala dun xeito cómodo e sinxelo, en calquera lugar e momento.

Por outra banda, para enriquecer a formación que se ofrece, hai chats dinámicos e de debates entre profesores e alumnos nos que se resolverán dúbidas e incidencias.

3.3. Materiais e recursos.

Tanto os profesores como os alumnos disporán de diversos recursos materiais e telemáticos para facilitar a comunicación, a fluidez y el desenvolvemento das clases.

Recursos Materiais:

- ordenador
- Tableta
- Teléfono móbil
- Micrófono
- Auriculares
- Teclado electrónico
- Caderno pentagramado
- Libro de Texto:
 - Cuadernos de Teoría de 2º de Ibáñez-Cursá. Ed. Real Musical
 - A Linguaxe da Música de 2º de Ana María Navarrete Porta. Ed. S.D.M.

Recursos Telemáticos:

- Conexión a Internet
- Plataforma online

- Skype
- WhatsApp
- Correo electrónico

4. Información e publicidade.

4.1. Información ao alumnado e ás familias.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “Skype” tendo en conta que é o mecanismo oficial do Centro e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, chats e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

4.2. Publicidade.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.